



ANOS TERRA
DIARIO

data descarga: 29-9-2011

500 PERSOAS ASISTIRÁN AO ACTO LITERARIO EN AMOEIRO

Olga Gallego recolle o domingo o Premio Trasalba

Redacción . A casa grande de Cimadevila, nesta parroquia do concello de Amoeiro, acolle un ano máis unha xornada dedicada á memoria de Ramón Otero Pedrayo e ao enalzamento da nosa cultura. O Premio Trasalba outórgaselle este ano á arquivista e documentalista Olga Gallego Domínguez.

© 26.06.2008 | 14:30

TAGS: OLGA GALLEGO , PREMIO TRASALBA , FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO ,



Portada de 'Olga Gallego Domínguez. O tecido da historia'

Preto de medio milleiro de persoas asistirán ao acto literario deste domingo. Trátase xa da XXVI edición do Premio Trasalba, que recoñece o labor de figuras comprometidas coas letras e coa cultura galega (como Xaquín Lorenzo, "Xocas", no 83, ou Ferrín no 2001). Olga Gallego é a segunda muller que recibe o premio, logo de Pura Vázquez no 1996.

A historiadora Olga Gallego Domínguez naceu en Ourense no 1923, e licenciouse en Filosofía e Letras no 55, en Compostela. Durante os anos anteriores ordenara e clasificara o Arquivo Diocesano de Ourense, e no 55 entra no Corpo de Auxiliares de Arquivos, Bibliotecas e Museos. No 58 ingresou por oposición no Corpo Facultativo de Arquivistas, Bibliotecarios e Arqueólogos, e destinárona á Biblioteca Pública e ao Arquivo da Delegación de Facenda en Vigo. Alí traballou cos catálogos da Fundación Penzol, os das bibliotecas da Caixa de Aforros e da Escola de Comercio, e os do Instituto de Ensino Medio Santa Irene.

Dende o 68 dirixe o Arquivo Histórico Provincial e o Arquivo da Delegación de Facenda de Ourense, e dende o 72 é directora de sección do grupo de colaboradores Marcelo Macías do Museo Arqueolóxico de Ourense. Membro do Padroado da Fundación Penzol e tamén do Padroado Ramón Otero Pedrayo, ingresou na Real Academia Galega en novembro do 86 cun discurso sobre "As barcas e as barcaxes da provincia de Ourense no Antigo Réxime", respondido por Antonio Gil Merino. A historiadora é un referente fundamental para o estudo da historia social, entre os séculos XIV e XIX, da provincia de Ourense.

O Premio Trasalba

O galardón non ten dotación económica, pero si afectiva e simbólica: Isaac Díaz Pardo (que levou o premio no 93) entrega un deseño orixinal, e a Fundación Otero Pedrayo entrega un libro, neste caso, *O tecido da historia*, coordinado polo director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Pablo Sánchez Ferro. Entre varias colaboracións, inclúe un orixinal de Olga Gallego sobre Otero Pedrayo.

Será tamén Sánchez Ferro o encargado da laudatio da homenaxeada, nun acto presidido polo titular da [Real Academia Galega](#), Xosé Ramón Barreiro. Craig Patterson, discípulo de John Rutherford (premiado o ano pasado) en Oxford e profesor na universidade de [Stirling](#) (Escocia), presentará o seu libro *O devalar da idea. Otero Pedrayo e a identidade galega*, editado inicialmente en inglés e traducido e publicado agora pola Fundación.

Tamén será presentada a edición de *Galicia e Europa*, de Otero Pedrayo, do [Consello da Cultura](#), por parte do presidente desta institución, e vicepresidente da Fundación Otero Pedrayo, Ramón Villares. O volume recolle unha conferencia coa voz do autor d'Os camiños da vida e Arredor de si.

Como é tradicional, terá lugar unha misa votiva en memoria de Otero Pedrayo e unha comida de amizade no soto próximo á casa grande de Cimadevila. A Fundación, presidida polo escritor e editor Víctor F. Freixanes, acolle no seu Padroado personalidades e institucións de toda Galiza, entre outras as tres universidades galegas, a Deputación Provincial de [Ourense](#), o concello de Amoeiro e a Consellaría de [Cultura](#). No 2006, o ano en que a agrupación musical Milladoiro levou o Premio, o tema musical 'Trasalba', composto polo grupo para agasallarllo á Fundación, converteuse en "himno" da festa.